

**BASES PARA A SELECCIÓN DO ALUMNADO TRABALLADOR/A E PERSOAL DO
OBRADOIRO DE EMPREGO
“CAMBRE SADA PROXEDIS (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade”**

O obradoiro de emprego "Cambre - Sada PROXEDIS" é un programa mixto de emprego e formación dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas, subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, e promovido polo Concello de Cambre conveniado co Concello de Sada.

A especialidade a impartir é a seguinte:

Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (SSCS0208)
(20 alumnos/as)

A distribución por concellos é a seguinte:

- **Concello de Cambre: 10 alumnos/as**
- **Concello de Sada: 10 alumnos/as**

As actuacións a realizar son as seguintes:

- 1.- Atención a persoas dependentes na Residencia Padre Rubinos na Coruña
- 2.-Atención a persoas dependentes en ASPACE, Sada
- 3.- Atención a persoas dependentes na Residencia García Hermanos (Hermanitas de los ancianos desamparados de Betanzos).
- 4.- Atención a persoas dependentes no Centro Pai Menni de Betanzos
- 5.- Atención a persoas dependentes en ASPRONAGA, Oleiros
- 6.- Atención a persoas dependentes en Cáritas Interparroquial A Coruña

O obradoiro terá unha duración de 9 meses e formará a **20 alumnos/as traballadores/as**. O alumnado traballador/a será contratado, baixo a modalidade de contrato para a formación e o aprendizaxe coas particularidades que establece a disposición adicional primeira do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e o aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, e percibirá as retribucións que lle correspondan de conformidade co previsto na normativa vixente.

Contratarase ao seguinte persoal para o obradoiro de emprego:

- **1 director/a (xornada completa)**
- **1 mestre/a da especialidade Atención sociosanitaria a persoas dependentes en Institucións sociais (Rama sanitaria) (xornada completa)**
- **1 mestre/a da especialidade de Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (Rama psicosocial) (xornada completa)**
- **1 docente de inserción laboral (media xornada)**
- **1 docente de ensino básico (media xornada)**
- **1 auxiliar administrativo (media xornada))**

En vista da normativa exposta proponse un sistema de selección que se fundamenta nos seguintes procedementos:

GRUPO DE TRABALLO MIXTO:

O grupo de traballo mixto ou comisión de selección estará formado por catro persoas, dúas en representación da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña e dúas en representación das entidades promotoras. A presidencia do grupo de traballo mixto recaerá nunha das persoas que actúan en representación da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña. **Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de traballo mixto nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.**

O grupo de traballo considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

Souto Sada
As decisións do grupo de traballo tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple das membros presentes. A persoa designada como presidenta, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Alvarez
Se, por calquera causa, no momento no que teña lugar as reunións do grupo de traballo mixto, algunha das súas compoñentes non puidera acudir, poderá ser substituído/a pola persoa que para o efecto designe a persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña ou a persoa titular da entidade promotora, segundo sexa o caso.

Vázquez
O presente proxecto terá como **data límite prevista para o seu inicio o 30/09/2017**, segundo se establece na Orde do 8 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017 (DOG núm. 44, do 3 de marzo de 2017).

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN ALUMNADO-TRABALLADOR/A:

Sistema de selección: Oferta tipo T (Taller de emprego)

Urgoiti
Localidade: Ámbito dos Concellos de Cambre e Sada. No caso de non atoparse candidatos/as suficientes, a sondaxe ampliaríase ao resto dos concellos limítrofes do ámbito da oficina de emprego A Coruña - Monelos, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.

Idade: 18 ou máis anos.

Situación laboral: Persoas desempregadas, entendéndose nesta situación persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego, sempre que

poidan subscribir contrato de formación e aprendizaxe durante toda a duración do obradoiro.

Criterios preferentes de selección: O grupo de traballo mixto deberá aplicar os criterios preferentes de selección que figuran no artigo 11º da Orde do 8 de febreiro de 2017, (DOG núm. 44, do 3 de marzo de 2017), segundo baremo que se xunta.

As persoas candidatas deberán posuír a formación mínima esixida para acceder á obtención do certificado de profesionalidade previsto neste obradoiro "Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais" (nivel de cualificación 2), para cumplir os requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que o regulan co fin de que unha vez rematada a formación o alumnado traballador poida acadar o correspondente certificado de profesionalidade.

O grupo de traballo mixto **excluirá** do proceso selectivo ás persoas candidatas que tiveran participado noutro proxecto formativo de iguais características, ou que estean incluídos nalgún programa relacionado coas políticas activas de emprego (cursos AFD, programas de cooperación, ...).

O número máximo de persoas candidatas a preseleccionar será determinado polo grupo de traballo mixto, e o mínimo será, se é posible, de 60 (*3 por praza*). A sondaxe realizarase entre as persoas demandantes preferentemente con algunha das claves seguintes: **SSCS11ET, 320, 340, ou 370** a partir dos 18 anos.

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta na **oficina de emprego de A Coruña - Monelos**, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas polo grupo mixto.

A selección definitiva dos/as 20 alumnos/as, será efectuada polo grupo de traballo mixto que aplicará o baremo establecido no anexo I, por medio do que serán avaliados as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas remitidas pola oficina de emprego e unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o seu interese en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación as singularidades do proxecto formativo.

O grupo de traballo redactará as correspondentes actas e as remitirá á xefatura territorial (**Servizo de Orientación e Promoción Laboral**), acompañada da relación do alumnado admitido e excluído indicando, neste último caso, a causa da súa exclusión.

As **persoas candidatas** participantes serán persoas desempregadas dos municipios de Cambre e de Sada prioritariamente, e o seu enderezo de intermediación na inscrición do SPEG e o do Padrón municipal deberá ser o mesmo.

PROCEDIMENTO SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO:

Unha vez ditada a resolución de concesión de subvención para o obradoiro de emprego, a entidade promotora tramitará a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego de A Coruña - Monelos, para logo proceder á selección definitiva dos/as candidatos/as.

Neste caso o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego, na que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego e terán preferencia as persoas que en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido se atopen en situación de desemprego (artigo 12.4).

O grupo de traballo mixto determinará o número máximo de candidatos/as a preseleccionar para cada praza, debendo considerar, na medida do posible, tres candidatos/as por posto.

O ámbito da sondaxe será os Concellos de Cambre e Sada ampliándose, no caso de non se obter o número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos limítrofes do ámbito da oficina de emprego A Coruña - Monelos e de ser necesario, a toda a provincia.

A oficina de emprego comunicará os/as candidatos/as preseleccionados/as a forma, lugar e prazo de presentación da documentación xustificativa do currículo, acreditativa dos seus méritos:

- A titulación académica, que se xustifícan co correspondente título académico oficial.
- Os cursos realizados, que se xustifícan cos correspondentes diplomas.
- A experiencia profesional, deberá xustificarse co:
 - Informe de vida laboral actualizado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social
 - Para traballos por conta aliea: contratos ou certificados de empresa, ou nóminas que reflectan o posto de trabalho desenvolvido de cada experiencia laboral.
 - Para traballos por conta propia: alta no IAE e contrato de servizos ou documentación que xustifique o trabalho desenvolvido.
 - Para traballos no estranxeiro: Certificación oficial na que conste o trabalho desenvolvido e os períodos traballados (en castelán ou galego)

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumplan os requisitos de titulación e experiencia profesional, non poderán ser admitidas.

Co fin de axilizar o proceso de selección este grupo de traballo da comisión mixta de valoración decide que as fases de valoración de méritos e de entrevista persoal sexan realizadas nun único acto, pasando todas as persoas candidatas á fase da entrevista, e polo tanto non prexudicando esta decisión a ningunha delas.

O grupo de traballo mixto citará ás persoas candidatas para unha entrevista de selección na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados.

Estas entrevistas realizaranse no lugar, data e hora que se fixe, e as persoas candidatas achegarán a documentación requirida (orixinal e fotocopia) debidamente ordenada segundo se indica no baremo e na carta de convocatoria.

O grupo de traballo mixto levará a cabo as entrevistas, as valorará, baremará a documentación e redactará as correspondentes actas que se remitirán á xefatura territorial (**Servizo de Orientación e Promoción Laboral**).

Publicacións e/ou notificacións:

A relación provisional das puntuacións outorgadas no proceso selectivo será exposta nos taboleiros de anuncios das entidades promotoras, da xefatura territorial e da oficina de emprego de A Coruña - Monelos, asemade na páxina web dos concellos de Cambre e Sada, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

O grupo de traballo mixto acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 25 de agosto de 2017

Pola Consellería de economía, emprego e industria:

M^a Jesús Seara Ojea
Orientadora e Titora de VVV
O.E. de A Coruña – Monelos

Polas entidades promotoras:

Sonia Machín Herranz
Axente de Desenvolvemento Local
Concello de Cambre



Sonia M^a Suárez López
Técnica Superior Ofertas e Formación
O.E. de A Coruña - Monelos

Luisa Celis Sanmiguel
Técnica Local de Emprego – ADL
Concello de Sada

BAREMO PARA A SELECCIÓN DUN/HA DIRECTOR/A


FUNCIÓNS:

Encargarase, das funcións que se relacionan:

1. Coordinación xeral do obradoiro de emprego, e dos medios humanos e materiais, sendo a persoa responsable das relacións co exterior: Consellería de Economía, Emprego e Industria, entidades promotoras, entidades colaboradoras e empresariado.
- 2 Levará a cabo a xestión e a supervisión económica do proxecto, así como das actuacións e servizos que se desenvolvan no mesmo.
3. Coordinará e supervisará os aspectos técnicos e formativos do proxecto e do traballo administrativo, e responsabilizarase de que se imparta a formación en prevención de riscos laborais.

En xeral estará encargado/a do bo funcionamento do Obradoiro, concretamente de:

1. Elaborar, xunto co equipo docente, a proposta do plan de actuacións
2. Xesti administrativa da documentación e presentación ante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria e ante os Concellos de Cambre e Sada das memorias periódicas e finais, os datos da xestión orzamentaria da execución das obras, e a preparación da información e documentación necesaria para a compra ou alugueiro de material ou maquinaria.
3. Custodia e control da documentación do obradoiro
4. Coordinar a programación didáctica, de conformidade co plan formativo do proxecto e o certificado de profesionalidade.
5. Supervisar a formación do alumnado-traballador/a e a labor educativa do persoal docente.
6. Colaborar co mestre de xestión empresarial para facilitar a inserción laboral do alumnado durante e unha vez rematado o proxecto.
7. Comunicar a todo o persoal (docente e alumnado) das normas e procedementos a seguir ao longo do proxecto. E controlar o cumprimento das obrigas de todo o persoal do obradoiro, asistencias, puntualidade, comportamento no posto de traballo; todo en consonancia co regulamento de dereitos e deberes do alumnado. Resolución de conflitos entre persoal docente e alumnado.
8. Propoñer, organizar e coordinar as actividades complementarias de carácter formativo do alumnado-traballador/a.
9. Velar polo cumprimento das normas de seguridade e saúde no traballo, encargando ao resto do persoal docente e de apoio o control directo do cumprimento de tales normas.

Todas estas funcións realizaranse baixo a supervisión e coordinación do departamento responsable da tramitación do Obradoiro de Emprego do Concello de Cambre.

Será contratado/a a tempo completo.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Titulación universitaria ou equivalentes relacionadas coas ramas social ou sanitaria
Experiencia profesional relacionada coa ocupación mínima dun ano.

VALORACIÓN DO CURRICULUM:

1.- Titulación académica:

- Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Máster oficial universitario relacionado, ata 600 horas: 0,75 puntos; máis de 600 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1,25 puntos
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,50 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,25 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a **máxima** posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida únicamente terase en consideración para determinar a admisión da persoa aspirante. As titulacións availables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

2.- Experiencia profesional:

- Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,2 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 4 puntos.
- Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,1 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 3 puntos.

No caso de requirirse experiencia profesional mínima para o acceso ao proceso, terase únicamente en conta neste apartado o tempo que exceda do tomado en conta para o anterior.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **7 puntos**.

3.- Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 10 horas lectivas e impartidos por Administracións Públicas ou organismos dependentes das mesmas, así como organizacións empresariais, sindicais, profesionais ou universidades valoraranse como segue:

- Por cada hora de formación recibida 0,001 puntos.
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, simposios, conferencias ou congresos non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

4.- Coñecementos do idioma galego:

- Celga 2 ou equivalente: 0,25 puntos
- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

5.- Antigüidade como desempregado/a:

Valoraranse cada 6 meses, mediante certificado de vida laboral, con 0,50 puntos.

A puntuación máxima que se poderá acadar por este apartado é de **1 punto**.

Xustificación dos méritos valorables: Deberán presentar documentación orixinal más unha fotocopia de cada un dos méritos alegados, de forma ordenada:

- NIF
- Curriculum vitae
- Título/s académico/s
- Informe de vida laboral actualizado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social
- Documentación acreditativa da experiencia profesional: (*ordenada por datas*)
 - Para traballos por conta alrea: contratos ou certificados de empresa, ou nóminas que reflictan o posto de trabalho desenvolvido de cada experiencia laboral.
 - Para traballos por conta propia: alta no IAE e contrato de servizos ou documentación que xustifique o trabalho desenvolvido.
 - Para traballos no estranxeiro: Certificación oficial na que conste o trabalho desenvolvido e os períodos traballados (en castelán ou galego)
- Formación realizada relacionada co posto convocado: títulos que reflictan a entidade de impartidora da formación, o número de horas e o contido.
- Coñecemento de galego: Documentación acreditativa dos coñecementos do idioma galego (Celga ou equivalente)

6.- Entrevista:

Na que se valorarán a súa actitude e as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de trabalho obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un **máximo de 6 puntos**.

Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación, unha vez sumadas as puntuacións obtidas polo currículo persoal e a entrevista. No caso de empate será de aplicación a instrución décimo - sexta da circular 6/2000 do Director Xeral de Fomento do Emprego modificada pola circular 2/2002.

BAREMO PARA A SELECCIÓN DE MESTRES/AS DE OBRADOIRO

FUNCIONES:

As persoas candidatas seleccionadas encargaránse da docencia e titorización do contido formativo do certificado de profesionalidade e impartir a educación correspondente aos seus oficios actuando como mestres da súa especialidade nas actuacións que se leven a cabo no obradoiro de emprego.

Serán contratados/as a xornada completa:

- **1 mestre/a da especialidade Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (Rama Sanitaria)**
- **1 mestre/a da especialidade Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (Rama Psicosocial)**

Tarefas a desenvolver:

- Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
- Desenvolver, cumplir e impartir o contido formativo relacionado coa parte sanitaria e psicosocial do certificado, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-práticos a impartir e a realización das actividades relacionadas.
- Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames.
- Responsabilizarse da aprendizaxe do alumnado-traballador/a, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
- Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado-traballador/a, notificando á dirección do obradoiro as incidencias que se produzan.
- Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- Responsabilizarse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-obradoiro.
- Seguimento do alumnado nos centros de traballo, elaboración de informes, impresos e contacto co persoal titor.
- Titorías individuais ou grupales co alumnado.
- Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador/a.

REQUISITOS MÍNIMOS:

Docente de atención sociosanitaria rama sanitaria

Titulación: Preferentemente licenciatura en Medicina, diplomatura en Enfermería, Terapeuta Ocupacional ou graos equivalentes.

Experiencia profesional: mínima dun ano en postos relacionados coa atención física a persoas dependentes.

Docente de atención sociosanitaria rama psicosocial

Titulación: Preferentemente licenciatura en Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Socioloxía, diplomatura en Traballo Social, Educación Social ou graos equivalentes.

Experiencia profesional: mínima dun ano en postos relacionados coa atención psicosocial a persoas dependentes.

Todo o persoal docente da especialidade deberán cumplir co requisito seguinte: Cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 189/2013, de 15 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 34/2008, de 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade e os reais decretos polos que se establecen certificados de profesionalidade ditados na súa aplicación.

Competencia docente: Deberán estar en posesión do certificado de profesionalidade de Formador Ocupacional ou formación equivalente en metodoloxía didáctica de formación profesional para adultos.

Deste requisito estarán exentos:

- Quen estean en posesión das titulacións universitarias oficiais de licenciado/a en Pedagogía, Psicopedagogía, ou Mestre en calquera das súas especialidades, ou título universitario de graduado no ámbito da Psicoloxía, ou da Pedagogía, ou dun título universitario oficial de postgrao nos citados ámbitos.
- Quen posúa unha titulación universitaria oficial distinta das indicadas no apartado anterior e ademais atópense en posesión do Certificado de Aptitude Pedagógica ou dos títulos profesionais de Especialización Didáctica e o Certificado de Cualificación Pedagógica. Así mesmo estarán exentos quen acredeite a posesión do Máster Universitario habilitante para o exercicio das Profesións reguladas de Profesor de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas e quen acredeite a superación dun curso de formación equivalente á formación pedagógica e didáctica esixida para aquelas persoas que, estando en posesión dunha titulación declarada equivalente a efectos de docencia, non poden realizar os estudos de Máster, establecida na disposición adicional primeira do Real Decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e os ensinos de réxime especial e establecense as especialidades dos corpos docentes de ensino secundario.
- Quen acredeiten unha experiencia docente contrastada de polo menos 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

VALORACIÓN DO CURRICULUM:

1.- Titulación académica:

- Titulación universitaria ou equivalente relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao posto: licenciatura ou grao, 1,5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.
- Máster oficial universitario relacionado, ata 600 horas: 0,75 puntos; máis de 600 horas: 1 punto
- Doutoramento, relacionado: 1,25 puntos
- Título de técnico/a superior da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,50 puntos.
- Título de técnico/a da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0,25 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión da persoa aspirante. As titulacións availables teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

2.- Experiencia profesional:

Experiencia profesional ou docente en postos de traballo relacionados co certificado de profesionalidade dentro do ámbito ó que opta: sanitario ou psicosocial.

- Experiencia docente en postos similares ata un máximo de 4 puntos:

- Desenvolvida en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,20 puntos por cada mes traballado.
 - Adquirida fóra de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,10 puntos por cada mes traballado.
- Experiencia profesional en postos de traballo relacionados co certificado de profesionalidade: 0,20 puntos por cada mes traballado ata un máximo de 3 puntos.**

Puntuarase a partir do mínimo esixido polo RD 1379/2008 de 1 de agosto, modificado polo RD 721/2011 de 20 de maio, e modificado polo RD 625/2013 de 2 de agosto.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **7 puntos**.

3.- Cursos de formación:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 10 horas lectivas e impartidos por Administracións Públicas ou organismos dependentes das mesmas, así como organizacións empresariais, sindicais, profesionais ou universidades valoraranse como segue:

- Por cada hora de formación recibida 0,001 puntos.
- Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.
- A asistencia a xornadas, simposios, conferencias ou congresos non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **2 puntos**.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos, ... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de **1 punto**.

4.- Coñecementos do idioma galego:

- Celga 2 ou equivalente: 0,25 puntos
- Celga 3 ou equivalente: 0,5 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5: 1 punto

A puntuación máxima a obter por este apartado será de ata **1 punto**.

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

5.- Antigüidade como desempregado/a:

